

Os simpáticos Erros de Gonzalo Navaza

Anxo Tarrío Varela

Por fortuna, agora que se achega o mes das Letras Galegas, é unha verdadeira e feliz echente de libros a que invade o meu buzón. Naturalmente, nesta avalancha que propician as feiras do libro, hai de todo: bo, menos bo e puro lixo, como ocorre en calquera literatura, pero para min, que non son dos que opinan que en todo libro hai algo aproveitábel, senón que preferiría poñer como undécimo mandamento do deus do bo gusto e do edil da saúde mental pública non editar cousas inútiles (como querían xa, coido que eran, tanto Ortega como Gasset), eu, repito, pecador impenitente contra ese mandamento aínda non escrito, síntome optimista con tal de que brille unha alfaia no cascallo e de que naza un carabel na esterqueira. Doutra banda, contra o que opinan conspicuos colegas e moi atentos observadores do noso patrimonio literario, non creo que a calidade da literatura galega teña baixado o seu nivel, o que ocorre é que somos máis esixentes para o actual e en cambio aplicamos lecturas xenerosas a cousas do pasado que se privilexian da (necesaria pero tamén ceguiña, por veces) perspectiva histórica e dunha disposición pola nosa parte moi condescendente e relativista que fai que verdadeiros perpiaños indixestos pasen por obras de arte. E a isto non é alleo o sectarismo ideolóxico e político, que de sempre promocionou os seus adeptos, anque fose sacrificando o máis elemental sentido da estética.

Hoxe quero falar tan só dun libro do que gocei dende o principio ao fin practicamente nunha soa sesión de lectura. Trátase da serie de relatos que acaba de saír do prelo das Edicións Xerais de Galicia baixo o título de *Erros e Tánatos*, así (admirados correctores e correctoras lingüísticos/as): ‘Erros’ e non Eros, que entón sería un título ben pouco orixinal e non respondería ó contido que nos ofrece nel o seu autor, Gonzalo Navaza.

Erros e Tánatos é un bo exemplo de literatura amable e entretida que non pretende subirse á parra de ningunha tribuna moral, ética, doutrinal, ideolóxica, política nin mesmo literariamente transcendente, tan frecuentes, por mágoa na nosa liteturatura, aínda nalgunha da máis recente, e si presentarlle ao lector pequenas historias doadamente recoñecíbeis ou próximas ás que nalgún momento puido el experimentar, soñar ou mesmo perpetrar na súa mente, sen levalas a cabo máis que na súa ensoñación ficcional.

A maioría dos contos responden moi ben ao inxenioso título pois, en efecto, os protagonistas, xa ben son testemuñas dos erros ou da prepotencia

dos outros xa ben son movidos eles mesmos por falsas e comprensíbeis certezas ou simplemente polo azar, que os leva cara a situacións de inútil e imposíbel explicación lóxica, mesmo cara a situacións tráxicas que, por outra parte, van parar ao inventario do egoísmo autoprotector ou da inocencia, condicións ambas as dúas que nada saben, máis que difusa e intuitivamente, da inxustiza ou do mal cometidos, xa, en fin, cara a incruentas xustizas literarias, tan só realizadas nos escuros labirintos do desexo, que, de todos os xeitos, non condicionan desastres definitivos, grazas á visión irónica, humorística e algo cínica do autor, moi próximo aos puntos de vista adoptados por Hitchcock nas súa obra cinematográfica.

Por outra parte, Gonzalo Navaza, que conxuga moi ben o (predominante) relato urbano con algunhas incursións na idiosincrasia do persoal rural, achéganos tamén nun dos seus contos a experiencias estudiantís da época franquista correspondentes aos aledaños do mítico ano 68, cando algúns iluminados activistas de certas esquerdas radicais e utópicas, posteriormente reconvertidos en *yuppies* de multinacionais e do capitalismo máis puro e duro, nos miraban con cara de perdoa vidas chamándonos despectivamente pequeno-burgueses liberais.

En fin, coido que este libro de Gonzalo Navaza alinéase moi ben coa boa saúde e coa gran cualidade que adquiriu o conto literario galego todo ao longo deste século, unha cualidade que non ten nada que envexar á que poidan presentar neste xénero as literaturas normalizadas máis recoñecidas e potentes. Así, pois, *laus Deo*, e a ler a Navaza, quen doutra banda é, entre outras moitas cousas, querido lector, pioneiro e coido que único autor de palíndromos (véxase o seu libro *A torre da derrotA*) da literatura galega.

O Correo Galego, 1996